

NORMAS BÁSICAS DE POD 2016-17

(Acordo do Consello de Goberno de 15 de abril de 2016)

1. Carga e capacidade docente

Para os efectos da elaboración do POD, a **carga docente** dun departamento ou área no curso 2016/17 é o total da docencia encargada a ese departamento ou área en titulacións de grao e en titulacións de máster que habilitan para profesións.

A **capacidade docente** dun departamento ou área para impartir títulos de grao é a suma das capacidades docentes de todo o seu profesorado según a súa dedicación, unha vez aplicados os recoñecementos docentes que correspondan e descontada a docencia en titulacións de máster con recoñecemento en POD asignada ao profesorado dese departamento.

A **capacidade docente básica** dun departamento ou área é o resultado de multiplicar o seu número de profesoras/es (considerando profesorado con vinculación permanente, profesorado con dereito a reserva de praza, máis a correspondente ás prazas con dereito a promoción) e o promedio das capacidades básicas do profesorado permanente a tempo completo. A capacidade básica é a correspondente ao profesorado antes de aplicar as normativas de dedicación e recoñecementos aprobadas polo Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2016.

2. Condicións para a saída a concurso de prazas de profesorado asociado ou contratación de visitantes e lectores

Aqueles departamentos nos que a carga docente exceda a capacidade docente do curso 2016/17 poderán cubrir a docencia vacante dos seguintes xeitos:

- a) Poderá solicitarse o incremento da dedicación do profesorado a tempo parcial.
- b) Poderá solicitarse a contratación de profesorado coa categoría de asociado, visitante ou lector (esta última, nas áreas que corresponda).
- c) Poderá aplicarse a mobilidade entre campus, nos termos contemplados no apartado 6.

3. Condicións para a saída a concurso de prazas de axudante ou axudante doutor

Aquelas áreas para as que a carga docente exceda á capacidade docente básica en máis de 320 h nun campus, poderán solicitar a convocatoria dunha praza de profesorado axudante doutor para ese campus por cada módulo de 320 h de exceso. Para poder facer esta solicitude é necesario que exista unha diferenza similar entre carga docente e capacidade docente básica no conxunto da área nos tres campus.

Cada módulo de 320 h reducirase a un módulo de 240 h por cada profesor/a funcionario/a da área que teña 65 anos cumpridos ao inicio do curso académico.

O cómputo da carga docente e a capacidade docente básica realizaranse cos datos na data límite que se estableza para a aprobación das propostas de POD polos departamentos.

Excepcionalmente, e sempre que se xustifique a dificultade para seleccionar doutoras/es na área, poderá solicitarse que a praza se convoque para axudante en lugar de axudante doutor. Neste caso, poderá recuperarse dita praza e sacar a concurso a mesma como unha praza de axudante doutor, previa acreditación correspondente da persoa que ocupe a praza de axudante. Se remata o contrato de axudante sen darse esta acreditación, poderá recuperarse ou non a praza dependendo da relación entre capacidade e carga existente no futuro. Esta posibilidade limítase a unha praza por área como máximo.

4. Requisitos das persoas candidatas nos concursos de profesorado

Os requisitos xerais para concursar a prazas de **axudante** e de **profesorado axudante doutor** son os establecidos na lexislación vixente para este tipo de prazas.

Para concursar a unha praza de **profesorado asociado** será necesario acreditar que a persoa candidata está a exercer unha actividade profesional fóra do ámbito académico da universidade e ter unha experiencia profesional durante un período mínimo de dous anos ao longo dos cinco últimos e posteriores a obter a titulación requirida para acceder a dita praza.

O profesorado coa categoría de **visitante** será contratado por un período inicial máximo dun ano ampliable ata un total máximo de dous anos entre persoal docente ou persoal investigador de recoñecido prestixio que teña previa relación contractual con outras

universidades ou centros de investigación. A contratación baixo a figura de profesor visitante será incompatible co desempeño doutras actividades retribuídas, salvo cando se trate de persoal docente e investigador de universidades estranxeiras ou centros de investigación estranxeiros.

5. Persoal contratado en programas de investigación

Poderá colaborar en tarefas docentes e figurar en POD o persoal investigador dos programas de formación predoutoral da Universidade de Vigo, da Xunta de Galicia ou do Ministerio correspondente así como o persoal contratado de programas posdoutorais estatais ou autonómicos, segundo a capacidade docente que, no seu caso, se estableza nas convocatorias correspondentes.

A colaboración en tarefas docentes do persoal contratado predoutoral requirirá sinalar un/ha profesor/a como responsable da mesma. En casos excepcionais, o persoal contratado predoutoral poderá complementar a docencia doutro profesor ou profesora, simultaneando a docencia presencial. Esta situación deberá ser informada favorablemente pola dirección dos centros e autorizada pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.

6. Mobilidade intercampus

Nos casos en que un departamento teña un déficit significativo entre a carga docente e a capacidade docente do seu profesorado a tempo completo nun campus e superávit noutro, previamente á contratación de profesorado poderanse establecer mecanismos de mobilidade voluntaria entre campus, a cal implicará as indemnizacións por razón do servizo que correspondan coas limitacións que se establezan.

Cando a mobilidade sexa realizada entre os campus de Ourense/Vigo ou Ourense/Pontevedra, as horas impartidas no campus diferente do propio computaranse cun 100% adicional. Se a mobilidade se realiza entre os campus de Pontevedra e Vigo, a porcentaxe anterior será do 50%.

As titorías deberán ser distribuídas entre os dous campus de forma proporcional ás horas de clase impartidas e non lles corresponderán indemnizacións por razón do servizo durante o período de impartición de docencia.

Nos casos en que exista docencia vacante en máis dun campus, o profesorado que o desexe, poderá impartir docencia nun campus diferente do seu campus de adscripción. Enténdese por docencia vacante a que non quede cuberta polo profesorado a tempo completo do campus de destino (incluíndo, de ser o caso, o profesorado permanente a tempo parcial). Neste caso, non procederán as indemnizacións por razón de servizo nin se computarán horas adicionais.

En todo caso, as propostas de mobilidade que se materialicen no POD 2016/17 non darán lugar ao cambio de adscripción de campus do profesorado implicado.

7. Condicións para cobertura de docencia vacante por circunstancias extraordinarias

Profesorado contratado interino de substitución

Ao abeiro da Normativa do profesorado de substitución, aprobada en Consello de Goberno de 10/05/2011 e modificada en Consello de Goberno de 21-22/03/2013, poderase contratar con carácter temporal profesorado interino de substitución para cubrir necesidades temporais de docencia xeradas por exencións docentes do profesorado, circunstancias sobrevidas de carácter extraordinario ou a suspensión temporal da actividade dun/ha profesor/a, nas condicións que establezan as Consellerías competentes para a súa solicitude.

O profesorado contratado interino de substitución terá dedicación parcial.

Conforme o disposto nos artigos 3 a 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, os contratos de profesor interino de substitución non serán compatibles con outra actividade no sector público.

A provisión de prazas de profesorado interino de substitución realizarase mediante listas de agarda que poderán ser xeradas mediante un concurso específico ou a partir dos concursos de profesorado.

As listas de agarda xeradas mediante o concurso específico terán validez durante o curso académico 2016/17. Excepcionalmente, a COAP, a petición dos departamentos, poderá acordar estender a súa vixencia ata un máximo de dous cursos académicos consecutivos.

A duración do contrato será a determinada polo motivo da substitución e se extenderá como máximo ata a finalización do curso académico para o que se produce a contratación.

8. Organización cuadrimestral

Os departamentos que precisen contratación como resultado da asignación do encargo deberán cubrir preferentemente as materias cuadrimestrais que se impartan no primeiro cuadrimestre do curso co profesorado existente.

O número de grupos das materias do segundo cuadrimestre poderá axustarse en función da matrícula real do curso académico 2016/17.

Non se poderán realizar contratacións para o curso completo de profesorado asociado ou profesorado contratado interino de substitución cando a docencia que se lles asigna estea acumulada no segundo cuadrimestre.

9. Aprobación do POD

A COAP, por delegación expresa do Consello de Goberno, aprobará, se procede, as propostas de POD recibidas dos departamentos e a saída de prazas a concurso.

Disposición final

As contratacións ás que se fai referencia na presente normativa deberán contar, se é o caso, coas correspondentes autorizacións por parte das autoridades estatais ou autonómicas segundo o previsto no artigo 20 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 e nos artigos 34 e seguintes da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia”.